

## O CAMIÑO DE SANTIAGO COMO PEREGRINACIÓN

Hai agora vinte e conca anos, o Consello de Europa declaraba o **Camiño de Santiago** primeiro itinerario cultural europeo. Con esta declaración recoñecía o papel que o Camiño de Santiago xogara na conformación da idea de Europa, tano dende o punto de vistas cultural, como relixioso ou mesmo político. Desta forma, Galicia e, en particular, a cidade de Santiago de Compostela, a pesar da súa situación xeográfica periférica dentro do continente europeo, a pesar ou quizais precisamente por estar situada no que os antigos denominaron o *Finis Terrae*, alcanzaban unha dimensión central e universal, que vertebraría toda a cristiandade do occidente europeo. Un feito que dotaría de personalidade propia a Galicia e a Europa, partindo dun fenómeno coñecido de antigo: a peregrinación.

O fenómeno das peregrinación está presente en todas as culturas e relixións dende os comezos da civilización humana. É un fenómeno indisolublemente unido á condición itinerante do home. A nosa vida, segundo defenderon numerosos literatos e filósofos a través da utilización desta metáfora viaria, non é senón o longo camiño, cheo de recantos e encrucilladas, que transcorre entre o nacemento e a morte. Existe, polo tanto, un forte compoñente antropolóxico no peregrinar do home sobre a terra.

Case todas as relixións dende a antigüidade coñecen e practican a peregrinación cun sentido salvífico e purificador. Tratábase dunha viaxe cuxo obxectivo era visitar un lugar consagrada pola presenza dun deus, un heroe ou unha forza sagrada. O carácter sagrado do lugar e o esforzo realizado para chegar ata el redimían o home dos seus extravíos pasados e renovaban as súas forzas para seguir adiante no camiño da vida.

Hai que advertir, non obstante, que peregrinar, botarse a andar, implicaba tamén determinados riscos, afrontar os perigos que axexan ao camiñante que deixa atrás a tranquilidade e comodidade da súa terra natal e do seu fogar. Desta ambivalencia semántica dá conta a propia etimoloxía da palabra.

### 1. A ETIMOLOXÍA

En efecto, unha análise etimolóxica do termo « peregrino » permítenos constatar esta ambivalencia semántica xa no seu primeiro constituinte: « per ». Un constituinte que procede dunha raíz moi antiga que en latín significa « a través de ». Este primeiro elemento formará palabras tan significativas e, ata certo punto entrelazadas nunha constelación semántica, como « *per-iculum* »: perigo;

ou « *per-ito* », « *ex-per-to* », experiencia. A primeira fai referencia ao aspecto negativo de ir « a través de ». As tres seguintes aos aspectos positivos de desprazarse e coñecer cousa novas. Da mesma raíz, derivanse palabras que están relacionadas con viaxar (*per-egrino*), co coñecemento (*ex-per-iencia*), e co perigo ata certo punto inherente ás dúas realidades anteriores (*per - iculum*). Unha relación que non se dá unicamente en latín senón que tamén a achamos en alemán. O constituínte alemán corresponde a « per » é « fahr », de onde se derivan *Fahren* (viaxar), *Gefahr* (perigo) e *Erfahrung* (experiencia). En realidade, como sinala Ortega e Gasset, tanto os « fonemas latinos *per* e *por* e os gregos *περ* e *πειρ* », proceden dun vocábulo indoeuropeo que expresa esta realidade humana: "viaxar" en canto que se abstrae da súa eventual finalidade (..) e tómase a viaxe en canto a estar *viaxando* , "andando polo mundo". Entón o contido de viaxar é o que durante el nos acontece; e isto é, principalmente, encontrar curiosidade e pasar perigos ».

Alfonso X o Sabio ofrécenos nas súas *Partidas* unha descrición do termo *peregrino* cuxa raíz etimolóxica viría de «per-agrare»: percorrer terras, apuntando tamén unha segunda acepción de *peregrino* relacionada con persoa estraña, estranxeiro:

«Romero et peregrinos se facen los homes para servir a Dios et honrar a los santos; et por saber de facer esto estríñanse de sus linajes et de sus lugares, et de sus mugeres, et de sus casas et de todo lo que han, et van por tierras ajenas lazrando los cuerpos et despidiendo los haberes buscando los santuarios».

É evidente que máis que unha etimoloxía cientificamente construída, o rei Sabio recolle a acepción viva e usual na súa época. As súas intuicións, non obstante, veranse ata certo punto confirmadas pola lingüística moderna. En particular por Émile Benvéniste, quen estuda a relación etimolóxica cos *agros* e *peregri* (estranxeiro).

Estas son, en efecto, as dúas principais orientacións do termo dende o punto de vista etimolóxico. « *Peregrino* »- infórmanos o Dicionario etimolóxico da lingua castelá de Joan Corominas— é un termo do latín *peregrinus* "estranxeiro", derivado de *peregre* "no estranxeiro", e este de *ager* "campo, país"». Así pois, unha lectura en clave filosófica do sentido etimolóxico destes termos lévanos cara ao corazón do pensamento filosófico occidental, relacionado tanto co feito de viaxar por terras ignotas par ver, para ter experiencias, aínda que estas carrexasen perigos e extravíos, como co feito de construír un método ou guía para avanzar con paso seguro no camiño do coñecemento.

«O Empirismo ou experiencia -dinos Ortega e Gasset- é, pois, un efectivo "andar e ver" como método, un pensar cons pés, que é o que, segundo os modernos, facían os escolásticos ». Lida en clave filosófica,

comprendemos por qué peregrinar é unha experiencia ancestral que ten que ver tanto con antigas concepcións relixiosas, como antropolóxicas e mesmo filosóficas. Cando nace a filosofía grega nas costas de Xonia (s. VI a.C) nútrese do intercambio de linguas, culturas e experiencias que arriban a aqueles portos. E moitos dos filósofos gregos realizarán viaxes para ampliar a súa experiencia e coñecemento do mundo. Platón, segundo está testemuñado, viaxa a Exipto para ampliar os seus coñecementos matemáticos e farao despois a Siracusa para tratar de implantar (sen éxito) os ideais da súa república.

Podemos concluír, polo tanto, que « nos tempos pasados, viaxar ou peregrinar foi, pois, algo máis que unha acción meramente utilitaria para intercambios comerciais ou pracenteira, ao estilo do que hoxe é para moitos o turismo. Era un medio de adquirir experiencia, coñecemento e mesmo prestixio e, na medida que era perigoso, era tamén unha aventura, un reto atraente para os audaces » (Mos. Julián Barrio). Son varias as culturas que asociaron o deus dos saberes e do coñecemento co dos camiños e os camiñantes. Os gregos situaban nas encrucilladas e cruces de camiños monolitos coas caras do deus Hermes indicando cada un dos camiños para guiar o camiñante. Hermes era venerado como o deus dos saberes e o comercio, pero tamén dos que tomaran o camiño errado (ladróns e mentireiros). De feito, Hermes fora perito en enganar, realizados coa maestría de quen coñece a verdade para poder facer. Tamén nesta figura mitolóxica vemos asociado camiño, coñecemento e extravíos ou peregrinos inherentes ao camiñar.

## 2. A PEREGRINACIÓN RELIXIOSA

Agora ben, aínda que peregrinar, percorrer un camiño, viaxar, se fixese, como acabamos de ver, por distintas razóns (coñecemento, aventura, etc.), a principal motivación da peregrinación é, dende a antigüidade, relixiosa. Motivación que está tamén detrás do Camiño de Santiago.

A acepción por autonomasia de *peregrinar* é a de desprazarse por motivos relixiosos para visitar un lugar santo (santuario). Un fenómeno que comparten todas as grandes relixións. Os xudeus acudían dende antigo a visitar o templo de Xerusalén; os musulmáns cumpren co mandato de peregrinar á Meca, polo menos unha vez na vida, de acordo coas súas posibilidades e medios. E no mes de xuño do ano 2004 o *World heritage Committee*, reunido na cidade chinesa de Suzhou, outorgaba a condición de patrimonio mundial (« *World Heritage List*») aos « Lugares Sagrados e Camiños de Peregrinación da Cordilleira montañosa de Kii », que inclúen tres lugares sagrados e as correspondentes rutas de peregrinación que as conectan entre si: Yoshino e Omine, Kumano Sanzan e Kôyasan. Un deles, o Camiño Kumano, como se sabe, está irmandado co noso Camiño de Santiago, en razón non só da súa condición de patrimonio da

humanidade senón por se ambos os dous camiños de peregrinación, intimamente unidos a dúas relixións e a dúas culturas.

Na tradición cristiá a peregrinación remóntase ao Antigo Testamento, onde no libro do *Éxodo* se describe a peregrinación de Abrahán e do pobo de Israel para retomar Xerusalén. No Novo Testamento descríbese a Xesús cumprindo esta tradición e visitando os Santos Lugares de Xerusalén. El, que habería de ser para os cristiáns de todo o mundo « o camiño, a verdade e a vida » (Xn 14.6).

Na Idade Media tiveron lugar as cruzadas, unha especie de peregrinación armada que se realiza a partir do ano 1095, cando os musulmáns se interpoñen no camiño que percorrían os cristiáns para visitar Terra Santa e os Santos Lugares de Xerusalén. Un itinerario que existe dende o século IV, testemuñado pola fundación de mosteiros latinos en Belén que realizan a partir do ano 385 San Xerome e Santa Paula, e que se mantén nos nosos días.

Na Idade Media fúndanse dous grandes centros de peregrinación da humanidade, no contexto de dúas civilizacións e dúas relixións: Santiago de Compostela e A Meca. « Ambos -escribe Ramón Guerrero- permanecen aínda como lugar de cita de multitude de peregrinos vidos de afastadas terras buscando o culto, arcano e misterioso deses lugares, realizando unha viaxe sagrada: toda peregrinación é entendida como un percorrido de expiación de pecado e culpa, polo que se enmarca dentro dunha estrutura estritamente relixiosa ». A diferenza da Meca, Cidade Santa do Islam, só accesible aos musulmáns, a Santiago de Compostela acoden persoas de todos os credos, aínda que sexa un santuario da relixión cristiá no que a tradición nos di que se conservan os restos do Apóstolo Santiago. Ata tal punto chegou a ser importante a súa influencia no medievo, que a comezos do século XIV Dante escribe que só era peregrino o que ía ou viña a Santiago: «A palabra peregrino "peregrino" podémola entender de dúas maneiras, unha ampla e outra escrita; da ampla, en canto é peregrino todo aquel que está fóra da dá patria; da escrita non se entende por "peregrino" senón que vai cara á casa de Santiago ou volve ».

A fundamentación doutrinal e mesmo filosófica da vida como camiño, que subxace á cosmovisión cristiá medieval, débemoslla, entre outros, a Agostiño de Hipona. O noso paso polo mundo non é un fin senón un tránsito fugaz e efémero antes nde chegar ao nosos verdadeiro destino: o Outro Mundo. De acordo con esta concepción, o home é un *homo viator*, un ser cuxa condición de camiñante ou peregrino cara a un destino superior é a que mellor o define. Unha concepción que é solidaria e harmónica coa visión lineal do tempo e da historia do xudeo-cristianismo. En efecto, « tanto para os xudeus coma para os cristiáns, o tempo é un dato fundamental que se institúe e concreta como tempo de espera. A partir da intervención de Deus, por cuxo poder cosmos e tempo acontecen simultaneamente, o anhelos ansioso do

cumprimento da promesa instáurase no corazón humano. E comeza así a historia, cun tempo dirixido, movido, xustificado e cheo de contido por « unha meta boa » (Ríos Vicente). Da permanencia no tempo desta condición itinerante do home é boa mostra o feito de que retorne coa obra de dous filósofos existencialistas do século XX como Gabriel Marcel ou Martín Heidegger.

### 3. A PEREGRINACIÓN A COMPOSTELA: UN CAMIÑO DE FE.

Os tres camiños de peregrinación da cristiandade medieval, aínda vixentes, teñen como meta Xerusalén Roma e Santiago de Compostela. Deles, o Camiño de Santiago tivo tal influencia e presenza na Europa Medieval que, como escribe Dante, só pode chamarse "peregrino", en sentido estrito, que vai cara á casa do señor Santiago. Os que ían a Xerusalén eran denominados palmeiros, en razón de simboloxía da palma, que significaba triunfo ou martirio; e os que ían a Roma denominábanse romeiros. Peregrinos, a secas, eran propiamente os que visitaban a tumba do Apóstolo Santiago.

Cando e como se inicia a peregrinación xacobeá? Unha especie de matemática profética dá lugar a que Galicia, a rexión noroeste de España onde se encontra o *Finis Terrae* do mundo antigo, sexa un dos centros da cristiandade occidental. En efecto, o mandato de Xesús que se recolle no Novo Testamento establece que a palabra de Deus debe chegar ata a fin da terra (Feit 1,8). Deste xeito, o feito de que un Apóstolo de Xesús de Nazaret, neste caso Santiago, viñese a España e chegase ata un dos *Finis Terrae* atlánticos coincide co espírito dunha predicación evanxélica que nacía con espírito universal. Naquela época, século I, o tráfico marítimo á Península Ibérica e a Galicia era relativamente amplo. Algo que fan verosímil as crónicas dos primeiros séculos da nosa era que falan da predicación do Apóstolo Santiago na Península. Un feito que a tradición una á declaración de San Xerome onde se di que o Espírito Santo dispuxo que « cada un repousase na rexión da súa evanxelización e ensinanza ».

Sabemos con bastante exactitude histórica que Santiago foi o primeiro dos apóstolos en sufrir martirio. Segundo podemos ler nos *Feitos dos Apóstolos*, foi condenado e executado « a espada » en Xerusalén. Moi probablemente, fóra dos muros da cidade para evitar a contaminación da urbe. A tradición contra o que o seu corpo, convenientemente conservado, foi recollido polos seus discípulos e trasladado segundo a súa última vontade ata a costa occidental ibérica. Alí é enterrado nun lugar denominado « Arca Marmórea », unha expresión que máis que referirse a un determinado lugar xeográfico parece indicar que o seu corpo foi depositado nun mausoleo de mármore. Tamén refire a tradición que o terreo se chamaba libredón, « liberum donum » ou "terreo libre". E por fin que ao espazo

do enterramento se lle chamou lugar de Santo Santiago e posteriormente Santiago de Compostela, en alusión a que era unha terra ou sepultura ben coidada.

É unha tradición lendaria, conservada polo pobo, se ben se cita unha carta escrita por un Bispo Patriarca de Xerusalén de finais do século V ou principios do VI onde se relata a translación marítima do corpo de Santiago, enterrado en « Arcas Malmóreas » nunha cidade occidental a 12 millas de Iria Flavia, cidade próxima ao Monte Ilicino (Monte Sacro). Estamos, polo tanto, ante unha cuestión cuxa base, máis que na cientificidade histórica ou doutro tipo, asenta na fe dun pobo que venera a tumba dun Apóstolo, non só a partir do seu descubrimento no século IX, senón mesmo dende antes. En efecto, « investigacións recentes negan o abandono e ignorancia da sepultura no momento da súa "inventio" ou descubrimento en tempo de bispo Teodomiro. Segundo o parecer autorizado dun dos mellores expertos en temas xacobeos, o eminente e chorado Manuel Cecilio Díaz y Díaz, como moito diríase un descoido con motivo do despoboamento da zona onde, non obstante, se seguiría rendendo culto a Santiago dende que fose trasladado o seu corpo (Mons. Julián Barrio).

O certo é que todo cambia, e de forma vertixinosa, a partir do ano 830, cando se descobre a tumba do Apóstolo. Un acontecemento que chega ata nós envolvido na lenda. Un ermitán descobre no bosque unhas luces e escoita uns cánticos celestiais que falan da existencia de algo sobrenatural. O bispo da antiga diocese de Iria Flavia, Teodomiro, visita o lugar e identifica o túmulo do Apóstolo Santiago. Este descubrimento ponse en coñecemento do rei Alfonso II o Casto (791-842), que viaxa acompañado da familia real e a corte para comprobar os feitos, e unha vez acreditados, ponse baixo a protección do Apóstolo Santiago. Dalgún xeito, o achado é unha « revelación divina » e comeza nese mesmo punto o fenómeno das peregrinacións.

Ademais da significación relixiosa do descubrimento, o feito ten unha innegable oportunidade histórica que podemos relacionar tanto coa reconquista da Península Ibérica invadida polos árabes, cono co nacemento de Europa. A corte asturiana de Alfonso II estaba incardinada nos ideais político - culturais da corte do rei Carlomagno e os demais monarcas corolinxios que o sucederon. Carlomagno foi o primeiro que tivo unha idea de Europa que ía máis alá das nacionalidades que a conformaban. Na súa época (comezos do século IX) xurdiu en Occidente a idea dunha comunidade universal en torno ao cristianismo que non entendía de fronteiras xeográficas ou políticas. Esta idea de cristiandade, comunidade de carácter universal e internacional, mantívose a pesar do nacemento das monarquías nacionais e perdurou ata a época da Reforma protestante, que destrúe a unidade da estrutura eclesiástica cristiá.

Unida a esta idea nacente de Europa que o Camiño de Santiago vai reforzar, está a outra idea de cruzada e loita contra o Islam, En efecto a aparición da tumba do Apóstolo no século IX, cando comeza a Reconquista da Península, converterá Santiago no adalí da loita dos cristiáns contra os musulmáns. Esta é, de feito, unha das representacións iconográficas máis repetida: Santiago montado nun cabalo e coa espada en alto contra os infieis, unha representación falsa dende o punto de vista histórico, pero veraz dende o punto de vista simbólico polas razóns anteditas.

De toda Europa comezaron a chegar peregrinos a visitar a casa do señor Santiago, posto que sobre o sepulcro se constrúen diversas basílicas, a primeira delas consagrada moi pronto, no ano 834. A finais do século X a peregrinación a Santiago xa tiña carácter internacional e gozará dun enorme esplendor ao longo de toda a Idade Media. Un fenómeno que quedou plasmado no *Códice Calixtino*, libro do século XII que pasa por ser a primeira guía de peregrinos que describe o ambiente da época en torno ao Camiño de Santiago. O seu título orixinal é *Liber Sancti Jacobi*, se ben ao ser escritor en nome do Papa Calixto II (Papa entre 1119 e 1124) pronto será coñecido como o *Códice Calixtino*, título que alcanzou fortuna histórica. A propósito do carácter universal do fenómeno xacobeo na época lemos o seguinte: « Alí van innumerables xentes de todas as nacións (...) Non hai lingua nin dialecto cuxas voces non resoen (...) As portas da basílica nunca se pechan, nin de día nin de noite (...) Todo o mundo vai alí aclamando " E-ultr-eia" (adiante, ea!) ».

Unha peregrinación que se vai manter ata os nosos días, coñecendo un grande esplendor en toda a Idade Media e en períodos da época Moderna. A súa decadencia no século XIX está unida ao efecto disuasorio da Revolución Francesa e das sucesivas guerras e revolucións que tiveron lugar en España e Europa. E, por suposto, a desamortización eclesiástica levada a cabo en España no século XIX terá efectos moi negativos para as peregrinacións. Hai que pensar que no Antigo Réxime a Igrexa desempeñaba unha importante misión no que hoxe chamaríamos a loxística do Camiño: aloxamento, alimento ou asistencia médica. De tal maneira que ao minguar a prosperidade da Igrexa, moitos mosteiros e hospitais foron abandonados, perdendo os peregrinos as condicións módicas de aloxamento e manutención achegadas polos relixiosos.

Haberá que esperar ao século XX para ver unha recuperación plena do fenómeno das peregrinacións, se ben a finais do século XIX se produce un feito que habería de ter a súa importancia na devandita recuperación. Entre os anos 1878-1879 o historiador e cóengo Antonio López Ferreiro, xunto co cóengo José María Labín Cabello, realizan escavación na catedral para buscar os restos do Apóstolo Santiago, enterrados dende o ano 1589 por temor a unha profanación dos invasores británicos (o pirata Drake). O 29 de xaneiro de 1879, acháronse as sagradas reliquias, cuxa veneración autorizou o Papa León

XIII mediante a bula *Deus Omnipotens*. Estas reliquias colócanse entón nunha nova cripta construída baixo o altar maior, lugar que ocupan na actualidade.

#### 4. FENOMENOLOXÍA DA PEREGRINACIÓN XACOBEA

Ata aquí o relato dun conxunto de feitos, adornados en ocasións con caracteres lendarios en razón da grandiosidade do que se narra, que é preciso unir á historia da peregrinación xacobeá. Un fenómeno que, por unha parte, podemos explicar en razón dos apoios que recibe da propia igrexa católica ou dos reinos cristiáns, caso das monarquías navarra e castelán - leonesa.

Todo o conxunto de autores, caso de Robert Plötz, sinalaron que a « a Orde cluniacense contribuíu moi especialmente ao incremento das peregrinacións, ao tomar ao seu cargo as que se dirixían a Santiago de Compostela, pois ao unirse cos intereses seculares da casa de Borgoña, Clunny descubriu moi a tempo o valor político da peregrinación a Compostela. En parecidos termos pronúnciase Márquez Villanueva, para quen « a vasta rede de mosteiros de Clunny, que se estende ata as profundidades de Polonia, é , neste momento, o sistema circulatorio da cristiandade occidental, que fai posible un vaste e eficaz sistema de afluentes á peregrinación compostelá » .

Tamén se invocou frecuentemente a oportunidade histórica para explicar de que xeito o descubrimento da tumba do Apóstolo Santiago contribúe a fortalecer a reconquista dos reinos cristiáns sobre o Islam, coincidindo por unha parte co debilitamento da herdanza mozárabe e isidoriana e, por outra , co derrubamento do califato de Córdoba.

Agora ben, como moi ben sinalaron distintos autores, « a peregrinación, como acontece con outros fenómenos de psicoloxía social e colectiva, produciuse e creceu en forma insensible e espontánea, sen unha dirección e propaganda conscientes » (Vázquez de Parga / Lacarra / Uría). Existe sempre un fonda irreductible que ten que ver coa fe persoal da marea de peregrinos que contribúen a consolidar unha ruta de peregrinación viva dende a época medieval ata os nosos días. Unha peregrinación, polo demais, que posúe unha personalidade propia que a diferenza da peregrinación a Roma para visitar a tumba de San Pedro ou a Xerusalén para visitar o Santo Sepulcro. Un carácter diferencial que vai asociado a unha fenomenoloxía da peregrinación Xacobeá que se remonta á época baxo - medieval (s. XII e ss). Vou distinguir a fenomenoloxía interior da peregrinación (motivos, razóns espirituais, actitude de crente, beneficios espirituais), da fenomenoloxía exterior da peregrinación (ritos, costumes, vestimentas, etc).



## a) Fenomenoloxía interior

As motivacións para poñerse en camiño cara á tumba do Apóstolo Santiago teñen que ver, en primeiro lugar, coa crenza testemuñada xa en culturas arcaicas de facerse partícipe do sagrado ao acudir a un lugar consagrado por conter as reliquias dun ser sobrenatural ou algunha outra pegada da presenza numiniosa ("pertencente ou relativo ao *numen* como manifestación de poderes relixiosos ou máxicos") dunha forza sagrada. Tamén para o cristián medieval, peregrinar á tumba do Apóstolo Santiago significaba obter protección e axuda, obxectivando a súa fe a través do culto ao corpo benaventurado dun apóstolo de Cristo. Pero ademais desta motivación xeral, existían para o peregrino medieval outras razóns ou motivos de grande eficacia práctico-relixiosa para poder explicar por que se emprende un camiño non exento de perigos e penalidades. Entre estas razóns figuran:

- a) *As ascético - penitenciais*. Empezar o Camiño de Santiago implicaba deixar atrás a vida de pecado e, mediante os sacrificios e penalidades da longa marcha, purificarse para regresar renovados, tras o encontro co Santiago no seu santuario.
- b) *Cumprimento de votos* de carácter enteiramente voluntario e persoal de *penitencias impostas* para a redención de penas (asasinatos e outros delitos).
- c) Obtención dalgunha *graza ou acción de grazas*, moi a miúdo a propia saúde ou algunha outra petición persoal.
- d) No *nome doutro* que por razóns varias non podía peregrinar.
- e) Para culminar os tres centros de peregrinación da cristiandade: Xerusalén, Roma, Santiago.
- f) Por afán de aventura, curiosidade, divertimento.
- g) Como *modus vivendi*, aproveitando a rede de solidariedade cristiá creada en torno ao Camiño.

Todo iso sen contar, dende logo, cos delincuentes, herexes, mulleres de mala vida, prófugos, histrións, xogares, falsos cambiadores e unha restra de tunantes que aproveitaban a concorrencia do Camiño para realizaren os seus negocios e delitos.

Deixando á parte tales perversións, podemos dicir que o verdadeiro peregrino se poñía en camiño *pietatis causa*, é dicir, tendo como obxectivo primordial alcanzar unha renovación espiritual, despois de pasar a proba dunha viaxe longa, chea de incomodidades e sacrificios, e encherse da forza taumatúrxica ("milagreira") e sacrosanta de prostrarse ante a tumba do Apóstolo Santiago.

Por outra parte, a peregrinación non é para o cristián unha obriga imposta, a diferenza do que sucede na relixión islámica coa peregrinación á Meca, que todo crente debe realizar polo menos unha vez na vida se ten posibilidade para iso. No caso do cristián trátase dunha decisión persoal e voluntaria por razóns piadosas, calquera que estas sexan. Responde a unha chamada interior e implica un afastamento temporal do mundanal ruído, deixar atrás a terra natal, familia e bens para somerxerse nunha experiencia próxima a un retiro eremítico, pois supón unha paréntese na que o peregrino ofrece unha mostra tanxible da súa fe.

As duras xornadas, o cansazo físico, contribuían a preparar o espírito para o momento supremo da chegada ao espazo sagrado onde está a mete do camiño, a sede catedralicia compostelá. Esa especie de mortificación e desprezo do corpo (canso, ferido, mal alimentado e mal durmido) era una penitencia asumida en favor do espírito, unha sorte de martirio atenuado que achegaba o crente á vida santificada. Tratábase dunha preparación ascética para achegarse á presenza sagrada que representaban os restos do Apóstolo Santiago. Nada, aparentemente, cambiou no que se refire á estrutura e morfoloxía do sagrado e ás canles establecidas para o encontro do sagrado e o profano dende as fases máis arcaicas da civilización e da cultura humana. Sempre existiu unha serie de ritos de tránsito e purificación para poñer en contacto o crente coas forzas sagradas. Tamén no caso da peregrinación xacobeá, o crente debía prepararse para acceder ao santuario que albergaba os restos do Apóstolo, confesar os seus pecados, asistir á santa misa e comurgar. O peregrino sobe ao altar maior da catedral para abrazar fisicamente a imaxe de Santiago e descende tamén á cripta onde repousan na actualidade os seus restos mortais. Prodúcese, polo tanto, unha comunión espiritual e mesmo física coa transcendencia a través da mediación do Apóstolo Santiago. Nos anos xubilares, anos santos, cada o 25 de xullo, día da festividade do Apóstolo Santiago coincide en domingo, o peregrino atravesaba a Porta Santa. Tras cumprir todos os rituais, o peregrino saía renovado e comezaba para el unha vida nova, de sorte que a fin do camiño convertíase agora en comezo dese outro camiño da vida (Omega e Alfa).

Como é natural, o peregrino visitaba os santuarios ao seu paso polos distintos lugares do camiño e participaba tanto no culto coma en actos penitenciais e devocionais, ou mesmo en traballos de obras civís ou relixiosas que se construían en razón do camiño (estradas, pontes, igrexas, etc). Moitas eran tamén as tentacións do Camiño e había que estar en garde espiritual contra elas, dende os praceres asociados á comida e a bebida ata os praceres carnais, que xa se censuran no sermón « Veneranda dies » do *Códice Calixtino*. O peregrino, fose cal fose a súa capacidade económica, debía levar unha suma modesta para afrontar os gastos da peregrinación, non só por unha elemental razón de prudencia contra os ladróns e salteadores, senón para cumprir co ideal ascético e de modestia cristiá inherente ao espírito do Camiño.

En razón diso, xa dende o século XII, estaba previsto enviar provisión de fondos á meta do Camiño que o cambiador compostelá facía efectivas nas súas mesas ou « táboas ».

Pero tamén, como non, momentos pracenteiros para o corpo e para a alma que facían máis levadeiro o camiño: cantos que os peregrinos entoaban en latín ou nas súas respectivas linguas, momentos de distracción ou de descanso gozando da natureza e da compañía dos peregrinos, entre os que nacía inevitablemente unha sincera confianza e amizade, etc. Tamén se reforzaban os lazos familiares ou gremiais porque non era infrecuente que a peregrinación se emprendese en grupo para evitar os perigos do Camiño.

## **b). Fenomenoloxía exterior**

Hai toda unha serie de aspectos exteriores que teñen que ver cos sinais de identidade do peregrino medieval a Compostela que, a súa vez, practica toda unha serie de ritos, costumes e comportamentos que o distinguen tanto do resto dos homes cos que se cruza ao longo do camiño como dos peregrinos que se dirixen a Xerusalén ou a Roma. Son estes elementos externos, entre outros, os seguintes:

a) Indumentaria. A vestimenta cumpría a función de identificar o peregrino, que, ao quedar despojado do seu propio atavío, renunciaba tamén aos signos externos de grandeza, posición social, para igualarse de acordo co espírito cristián ao resto dos irmáns peregrinos que se encontraban no camiño. Ao mesmo tempo era un atavío concibido cunha filosofía práctica para o fin que debía cumprir. Esta indumentaria está ben recollida na iconografía xacobeá e no propio *Códice Calixtino*. Estaba formado polos sete elementos seguintes:

1. Sombreiro de á ancha para protexer o peregrino tanto do Sol coma da choiva.
2. Túnica folgada e descinguida para poder camiñar comodamente, sobre a que repousaba a esclavina que cubría os ombreiros, as costas e o peito.
3. Calzado forte e resistente para soportar o longo camiño.
4. Bolsa o zurrón pequeno e aberto para os alimentos e obxectos persoais indispensables.
5. Cabaza para a bebida de cada etapa, auga ou viño.

6. Bordón ferrado na punta que servía de apoio e protección contra un eventual ataque de delinquentes ou feras. O bordón, na súa condición de terceiro punto de apoio, simbolizaba ademais para a mentalidade alegorizante medieval, á santa Trindade, polo que protexía tanto dos inimigos do corpo coma da alma.
  7. A cuncha venera (de vieira) sobre a fronte do sombreiro, suxeitando a á ancha, e tamén frecuentemente na parte dianteira da esclavina.
- 
- b) *Viaticum* ou equipo que recibía o peregrino no templo ou no centro relixioso do seu punto de partida, cos documentos acreditativos para a viaxe, cartas de recomendación, etc, para facilitar o paso polos distintos países e cidades da ruta xacobeá.
  - c) A *auga* é considerada dende a antigüidade arcaica símbolo de purificación e de incorporación a unha nova vida. Tamén o peregrino medieval, antes de entrar no templo, debía desprenderse da súa vestimenta sucia e deteriorada tras o longo camiño nun lugar coñecido como a *cruz dos farrapos*. A continuación dirixíase en penitencia ata unha das fontes para bañarse e asearse convenientemente, simbolizando desta forma un segundo bautismo.
  - d) Vestidos xa con novas roupas, o peregrino entraba dignamente na catedral e preparábase para un novo aseo, esta vez espiritual: a *Confesión*. En efecto, aínda que o peregrino obtiña o perdón dos seus pecados ao culminar a súa viaxe, debía manifestar oralmente as súas faltas a un confesor na catedral, o que deu lugar a partir do século XII-XIII a un corpo de intérpretes para escoitar os peregrinos das distintas nacionalidades e linguas.
  - e) A visita incluía moi frecuentemente tamén a ofrenda (oblatio) ao tesouro da catedral, así como a caridade con cegos, mendigos, etc. Tamén se acendía un cirio que segundo podemos ler no *Códice Calixtino*, durante as vixilias « a igrexa ilumínase como ao sol ou coma se fose de día ».
  - f) A cuncha de vieira. A xulgar pola información que nos subministra o *Códice Calixtino*, comezou sendo probablemente un recordo que os peregrinos levaban tras o seu paso por Compostela, pero moi pronto se incorporou á vestimenta. « Polo mesmo que os peregrinos que veñen de Xerusalén traen palmas, así os que regresan do santuario de Santiago traen cunchas. Pois ben, a palma significa o triunfo, a cuncha as obras boas ». En canto á explicación de por que unha cuncha, e de vieira precisamente, dáse a seguinte explicación: « Pois hai uns mariscos no mar próximo a Santiago, aos que o vulgo chama vieiras que teñen dúas coirazas unha por cada lado, estre as cales, como entre dúas tixolas se oculta o molusco parecida a unha ostra. Tales cunchas están

labradas como os dedos da man (...), e ao regresar os peregrinos do santuario de Santiago préndenas nas capas para a gloria do Apóstolo, e en recordo del e sinal de tan longa viaxe, tráenas á súa morada con gran xúbilo. A especie de coirazas con que o marisco se defende significan os preceptos da caridade, cos que debe defenderse quen debidamente os leva. O mesmo que sucedía coa auga, as cunchas teñen unha ampla e rica simboloxía relixiosa e mesmo filosófica ».

- g) A Compostela ou Compostelá é o documento que acredita ter percorrido o Camiño. No medievo podía facer a pé ou en calquera tipo de cabalgadura (cabalo, mulas ou mesmo nun humilde asno); na actualidade incorporouse tamén a bicicleta.
- h) Ademais da acollida nos hospitais e albergues da ruta, é preciso mencionar a importante rede de hospitais da cidade de Santiago, dos cales o máis imponente é, sen dúbida, o Hospital Real de Compostela, fundado polos Reis Católicos en 1499. Ao peregrino abríanselle as portas dos albergues e, en xeral, era ben acollido pola rede de solidariedade que funcionaba no Camiño. O capítulo final do *Códice Calixtino*, titulado « De como os peregrinos de Santiago haxan de ser recibidos », insta a recibir caritativamente os peregrinos: « Os peregrinos, tanto pobres como ricos- podemos ler-, han de ser caritativamente recibidos e venerados por todas as xentes cando van ou veñen de Santiago. Pois quenquera que os reciba e dilixentemente os hospede, non só terá como hóspede a Santiago, senón tamén ao Señor, segundo as súas mesmas palabras, ao dicir no Evanxeo: "O que vos reciba a vós recíbeme a min" ( Mt. 10,40) ».
- i) Confrarías de ex - peregrinos ás que se incorporaban á súa volta os que fixeran a peregrinación a Compostela, revestidas dunha enorme importancia, especialmente en Francia. A razón era conservar o halo sagrado, adquirido coa peregrinación. En ral sentido, dinos Márquez Villanueva, « irradiando e partícipe, aínda que en grao mínimo, da taumaturxia inesgotable do Apóstolo, o peregrino (...) convertíase noutro "Santiago" e levaba de alí en diante unha aura de admitida, aínda que non declarada, antesala de santidad ».

## 5. ASPECTOS CULTURAIS E FILOSÓFICOS DO CAMIÑO.

O fenómeno das peregrinacións, en xeral, e a peregrinación xacobeá, en particular, debe comprenderse, como vimos, dende a perspectiva da fe. Pero iso no é óbice para recoñecer outros aspectos intimamente relacionados co Camiño. Xa dende os seus inicios e ao longo do todo o período

medieval e moderno, o Camiño de Santiago foi non só unha ruta de peregrinos, senón un camiño a través do que viaxaron modas culturais, formas arquitectónicas, valores, ideas políticas, e un longo etcétera.

Un dos aspectos quizais menos coñecidos é o que ten que ver ca penetración de ideas filosóficas e científicas a través do Camiño de Santiago. Hai, como non, estudos de enorme orixinalidade sobre este asunto que demostran ren que medida o Camiño de Santiago serviu tamén para a difusión e o coñecemento da filosofía e a ciencia. Queda, non obstante, moito por facer neste terreo.

A partir do século XII fálase en Europa de certo humanismo que transforma o espírito da filosofía medieval. É a época na que comezan a coñecerse, nun número cuantitativamente moi importante, obras de autores clásicos que nos chegan a través das traducións que involucran as linguas gregas e árabe por unha parte, e a lingua latina, por outra. A razón comeza o proceso de autonomía fronte á fe, paradigma que protagonizará a modernidade da filosofía no pensamento occidental. Todo iso xerou unha vitalidade e curiosidade intelectuais ás que non foi allea o Camiño de Santiago e a propia cidade de Santiago de Compostela. Nela podemos detectar tres centros de actividade científico - filosófica: a Catedral (ou sede episcopal), os *studia* dos franciscanos e os dos dominicanos.

Iníciase así unha tradición intelectual que dunha forma moi semellante se consolidará no século XIII en distintas cidades europeas. Unha institucionalización da vida intelectual que descubrimos no *studium* franciscano de Oxford, creado conco anos máis tarde que o de Santiago (1224-25); ou no dominicano de Saint Jacques de París. Mentres o de Santiago de Compostela estancábase, cun tímido resurximento a partir de 1252, coincidindo co comezo do reinado de Alfonso X o Sabio, grazas á intensa actividade intelectual desenvolvida na súa corte.

Aínda que Santiago de Compostela non foi historicamente terra de gran fecundidade filosófica, no século XIV florece unha figura de interese para a filosofía que aínda hoxe ofrece aos investigadores algúns aspectos enigmáticos. Refírome a Pedro Compostelano, un filósofo de corte medieval que nos legou unha obra titulada *De consolatione rationis (A consolación da razón)*. Consérvase un único exemplar manuscrito desta obra no Mosteiro do Escorial, en Madrid, escrito en Latín. Aínda que houbo dúbidas con respecto a se ese autor pertencía ao século XII ou ao XIV, os investigadores decántanse por esta segunda data polas referencias a determinados feitos e acontecementos culturais e litúrxicos, así como pola pegada apreciable de filosofías e autores dos séculos XIII e XIV. É unha obra escrita de forma dialogada e que conta con tres personaxes: o Mundo, a Carne e a Razón. Trátase de tres fermosas doncelas que dialogan cun mozo que está desorientado e non sabe que camiño tomar na vida. O mozo debe

escoller entre o vicio ou a virtude, entre o ben e o mal. Como poden imaxinar, triunfa a Razón e o ideal de vida equilibrado e sabio que lle ofrece.

O outro grande feito, vinculado coa cidade e que marcará de xeito definitivo a vida cultural e filosófica da mete do Camiño, é a creación, cara a finais do século XV, da Universidade de Santiago de Compostela. A data que se toma como referencia dos inicios da Universidade é o 4 de setembro de 1495, data da fundación dun Colexio de Gramáticos por parte do notario compostelán Lope Gómez de Marzoa, co auxilio doutras figuras non só achegaron os medios económicos para dar comezo ao que se coñece como o *Estudo Vello*, senón tamén o espírito, os gustos e a cultura do Renacemento. Unha época de profundas transformacións científicas, artísticas, filosóficas, económicas, políticas e sociais. Unha empresa á que se sumou no século XVI outro arcebispo que lle deu o impulso definitivo, legando o seu propio pazo como sede da Universidade: don Alonso III de Fonseca. Tanto pola súa orixe relixiosa, coma pola conciencia da transcendencia do feito xacobeo, a Universidade de Santiago foi na súa historia unha institución que prestou grande atención ao Camiño. Na actualidade, una importante nómina de investigadores ocúpase del dende moi diversos ámbitos científicos, entre os que mencionarei a modo simplemente indicativo os traballos de carácter histórico, filolóxico, antropolóxico ou filosófico.

## 6. CARA Á SITUACIÓN PRESENTE

A peregrinación a Compostela recupérase paulatinamente a medida que avanza o século XX, coñecendo na actualidade un auxe que recorda a época dourada do Medievo, salvadas as debidas distancias históricas. Por achegar algúns datos que dan idea da espectacularidade do fenómeno abonde dicir que fronte ás 2491 Compostelas (documento que acredita ter feito a pé polo menos os últimos 100 quilómetros do Camiño) que se concederon no Ano Santo 1985-1986, en 1993 expedíronse 99.436, no Ano Santo de 2004, primeiro do terceiro milenio, expedíronse 179.944, e no Ano Santo de 2010 foron 270.000 as Compostelas. Uns datos que contradín a tese dalgúns dos investigadores que afirman que « o tema do camiño de Santiago debe abordarse en todo momento como unha específica realidade medieval, fóra da cal sería anacrónico axuizalo ». Nos nosos días, centos de miles de persoas de todas as idades e condicións sociais peregrinan a Santiago. Neste mesmo ano 2012, que é ano santo, recolleron xa a súa Compostelana máis de 100.000 peregrinos. Pasaron moitos séculos dende o Medievo; t teñen cambiado as circunstancias históricas, sociais, políticas e económicas e, non obstante, a peregrinación xacobeá experimentou, especialmente a partir da última década do século XX, un auxe espectacular. Dúas cuestións penden sobre o feito. A primeira, a de saber que moitos alentan o peregrino actual a poñerse

en camiño. A segunda, a de coñecer que factores contribuíron no século XX a un relanzamento tan espectacular do Camiño de Santiago.

No que se refire á primeira, é preciso recoñecer que a práctica do Camiño revitaliza unha época dunha enorme secularización na cultura occidental. Unha época na que se perdeu o sentido relixioso da vida. Un proceso que dende o punto de vista filosófico comeza co Renacemento e ten a súa culminación nas filosóficas do século XX. Este abandono da relixión e dos valores relixiosos, noutro tempo maioritarios nas sociedades occidentais, non foi non obstante claramente substituído por unha moral cívica ou unha moral da terra ao estilo da defendida por Nietzsche. Iso pode explicar, en parte, a sensación de baleiro, de desasosiego e de incerteza do home actual. Un home inmerso nun universo tecnificado, con problemas globais, que vive contra o reloxo, con dificultades de encontrarse co outro, a pesar de pertencer á era da información e as comunicacións. Todo este conxunto de factores, percibidos universalmente, pode ata certo punto xustificar a necesidade imperiosa do home de retirarse parcialmente do mundo, entrando en comunión coa natureza, e intentar vivir de novo o valor sagrado, aspectos todos eles que encarna o Camiño de Santiago,. Aínda que non é a motivación relixiosa a única que move ao peregrino dos nosos días. Hai -probablemente sempre houbo- viaxeiros que fan o camiño por un afán de aventura, de facer turismo ou simplemente para facer algo distinto, rompendo así a cotiá rutina.

En canto á segunda cuestión, hai que advertir que á reactivación do Camiño contribuíron numerosas persoas e institucións de moi diversos ámbitos. En primeiro lugar a Igrexa católica, comezando polo propio Papado: Xoán Paulo II, que peregrinou en dúas ocasións a Santiago de Compostela, nos anos 1982 a 1986, e Bieito XVI en 2010. Tamén o labor que ao longo do século XX realizaron diversos arcebispos composteláns. Un labor que dá os seus froitos máis apreciábeis durante o mandato do arcebispo Julián Barrio Barrio, bispo auxiliar de Santiago dende o ano 1994 e arcebispo dende 1996 ata o presente. Ou de sacerdotes animosos como D. Elías Valiña Sampedro († 1989), coñecido como « o cura do Cebreiro », que en 1984 emprendeu a sinalización dos tramos orixinais do Camiño dende Francia ata Compostela, así como diversos traballos de limpeza, recuperación, enumeración quilométrica, restaurando a hospedaxe, igrexa e poboado do Cebreiro, primeiro punto galego do Camiño Francés. Ou de institucións vinculadas á igrexa como a Arquiconfraría do Apóstolo en Santiago e, en diversos lugares do mundo, as Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, o Cabido Catedralicio, e un longo etcétera.

O principal apoio institucional por parte da sociedade civil débese, sen dúbida, á Xunta de Galicia (Goberno Autónomo de Galicia), que crea no ano 1993 o Plan Xacobeo, dependente da Consellería de Cultura, botando a andar con posterioridade unha Sociedade Anónima do Plan Xacobeo para dar a coñecer e promover no mundo o Camiño de Santiago. Os sucesivos plans de promoción surtiron o seu efecto e, sen



dúbida, boa mostra diso son as cifras antes mencionadas. É verdade que xurdiu certa polémica entre a instancia política e a relixiosa, pola insistencia desta última en que non se perda ou se deforme a significación relixiosa da peregrinación, en prol da potenciación dos aspectos turísticos ou culturais. O Camiño de Santiago adquiriu unha dimensión universal e, como tal, non está exento dos aspectos negativos que provoca a masificación. Esta dimensión universal é tamén un desafío para pensar dende a filosofía e a antropoloxía polo sentido que o Camiño de Santiago lle ofrece ao home actual.

## CONCLUSIÓN

Como conclusión direi que a metáfora do « camiño » é, dende logo, unha das metáforas máis reiterativas da filosofía para expresar a condición itinerante do home. Servíronse dela filósofos de todos os tempos, dende Platón a Martin Heidegger, pasando, como non, polo moi racionalista Descartes, que escribe o seu *Discurso do Método* para « conducir ben a propia razón », achar un camiño seguro para a filosofía e, en definitiva, para distinguir o verdadeiro do falso e « camiñar con seguridade na vida ».

Esta condición itinerante do home, que levou a un bo número de filósofos a definilo como un *homo viator*, viuse reforzada pola visión cristiá do mundo. « No medio da multiplicidade de ocupacións deste mundo - escribe Santo Agostiño-, hai unha soa cousa á que debemos tender Tender porque somos aínda peregrinos, non residente; estamos aínda en camiño, non en patria definitiva ». Unha patria á que se referirá coa metáfora que dá nome a unha das súas obras máis célebres, a *Cidade de Deus*, e que formulará teoloxicamente nas Confesións: « Inquedo está o noso corazón, ata que descanse en ti ». A visión cristiá do mundo, introducida por Agostiño de Hipona e afondada por un bo número de filósofos cristiáns, deu lugar « a que a peregrinación nas súas diferentes formas sexa o símbolo máis axeitado para entender a vida do home, que se percibe fundamentalmente como camiño cara á eternidade, a verdade e a plenitude ».

A cosmovisión cristiá forma parte indisoluble da historia e da cultura europeas, pois, tal como escribiu Goethe, « a conciencia de Europa naceu peregrinando ». Dende esta perspectiva hai que entender a exhortación de Xan Paulo II no seu discurso europeísta, pronunciado con motivo da súa primeira viaxe a Santiago en día 9 de novembro de 1982 (do que axiña se cumprirán 30 anos): « Sé ti mesma, volve ás túas raíces ». Santiago de Compostela, meta dun dos Camiños de Peregrinación máis importantes da cristiandade, conserva a memoria de Europa e as raíces da súa identidade.

É, quizais, o desexo de reencontrar as raíces, a súa identidade, a que levou ao home contemporáneo a peregrinar. E non só dende un punto de vista metafórico, senón percorrendo a revitalizando o Camiño de Santiago, unha ruta de peregrinación medieval pletórica de sentido. Un sentido relixioso, en primeiro termo, porque foi inspirado pola fe; pero tamén un sentido antropolóxico, porque o home se definiu como camiñante; e mesmo un sentido filosófico, porque a filosofía e a ciencia non son senón o camiño que leva ao coñecemento. No noso caso, hai tamén razóns histórico - políticas porque « a conciencia de Europa -como lapidariamente escribiu Goethe- naceu peregrinando »

O camiño de Santiago foi, como vimos, a vía de penetración da ideas culturais e filosóficas ao longo dos séculos. Hoxe vólvenos reunir aquí, en Luanda, permitíndonos establecer unha ponte entre dúas culturas, a galegas e a lusitánica, que comparten raíces lingüísticas e se senten fondamente irmáns.

LDO.  
MANUEL MARTÍN GÓMEZ  
